

INTERVENCIÓN PONTEVEDRA PREVIA AO DÍA DA PATRIA 2026

Sábado 18 de xullo de 2026

Hoxe quero falarvos da trenza.

Paréceme que é unha imaxe, ou unha metáfora, acaída para explicar a Historia e o Mundo. Tamén esta parte do mundo que habitamos e que construímos que se chama Galiza.

A imaxe podería ser tamén un **tear**, un **nobelo de fíos** ou a **triple hélice** do ADN mais gústame a idea de trenza pola textura, pola materialidade, pola semántica e pola resonancia

Quero falarvos da Historia, ou máis ben do relato histórico como unha trenza, construída a partir dunha **escolla** de materiais: dunha perspectiva, duns acontecementos e duns personaxes.

Nos últimos 180 anos do noso relato hai **fontes, fluxos, correntes** que alimentan grandes saltos adiante, momentos de avance, de acumulación e de transformación

A primeira é ese grande entramado fundacional que vai da revolución de 1846 (da que se está a facer unha nova lectura) ao Rexurdimento cultural con unha **Rosalía que é un faro cheo de luz e de futuro**

Pensem na grandeza de termos como figura fundacional do renacemento cultural e do galeguismo unha muller como Rosalía

Unha muller, escritora en galego (cando todo estaba en contra), rebelde, con un claro compromiso co país, coas mulleres e coas clases populares. Con unha obra absolutamente rompedora e adiantada ao seu tempo.

Nas primeiras décadas do século XX temos unha auténtica alborada que xorde en 1916 coas Irmandades da Fala (a poderosa trenza do idioma). E co Manifesto da Asemblea das Irmandades do ano 1918 en Lugo: **“Nos declarámonos de hoxe e para sempre nacionalistas galegos xa que a verba rexionalistas non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas”**

Outro grande manancial da materia e das ideas é a **Fundación do Partido Galeguista** en decembro de 1931. Con esa **Declaración de Principios** asentada en 4 piares ideolóxicos sobre os que se construíu o grande armazón do nacionalismo galego contemporáneo:

Declaración de principios

Galicia, unidade cultural.—Afincoamento das características da personalidade galega: lingua, arte, espírito.

Galicia, pobo autónomo.—Autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana.

Galicia, comunidade cooperativa.—A terra pra o Traballo; o traballo pra a Terra.

Galicia, célula de universalidade.—Anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo.

No fluxo da historia hai fases de avance e periodos de retroceso (que non de atraso).

Este andar cara atrás chegou co trebón fascista de xullo de 1936 (fai xusto agora 90 anos) que arrasou grande parte do entramado, da trenza que levara tanto tempo erguer: arrasou iniciativas culturais, educativas, empresariais, científicas que foran levedando ao longo de máis de 20 anos e exterminou a mellor xeración da nosa historia (homes e mulleres valentes e xenerosas, entre as que sobrancea unha figura dunha lucidez e dun compromiso inigualábeis, Alexandre Bóveda

O alegato final no xuízo farsa en que foi condenado a morte é a expresión máis elevada da súa integridade e da súa altura ética... *A miña patria natural é Galiza. Ámoa fervorosamente. Nunca a traizoaría, aínda que me concedesen séculos para vivir... Se entende o Tribunal que por este amor entrañable debe serme aplicada a pena de morte recibireina como un sacrificio máis por ela...*

O fascismo tiña entre os seus obxectivos destruír a trabe mestra do proxecto nacional: o Estatuto plebiscitado o 28 de xuño de 1936. Non é casual que a entrega no Estatuto nas Cortes se fixese o 15 de xullo, e que 2 días despois (un 18 de xullo, tal día coma hoxe) se desencadenase o golpe militar de parte do exército contra a República que provocou a Guerra. **Galiza como entidade política foi polo tanto vítima directa e principal do golpe militar, da guerra e da Ditadura...**

Nese contexto adverso, co galeguismo do interior moi debilitado, foi fundamental o labor do exilio, outra grande corrente constitutiva da nación

Un exilio no que emerxe outra figura descomunal Daniel Castelao, que desenvolveu nos últimos 14 anos da súa vida (desde 1936 a 1950), case cego e nos últimos anos ferido de morte polo cancro, unha actividade sobrehumana, heroica, con Virxinia Pereira, para facer valer os dereitos nacionais de Galiza.

Desde finais dos 50 e nos anos 60 e 70, a partir dese cordón umbilical do exilio e do legado de Castelao, xorden os gromos que lle dan forma ao movemento nacionalismo actual co Consello da Mocidade, o Colectivo Brais Pinto, a UPG, o PSG, e múltiples organizacións culturais, sindicais, sociais, ecoloxistas... Paso a paso o trenzado vai conformando o gran tapiz.

Eran tempos de máximas dificultades, porque para nós o camiño nunca foi fácil. Por iso é tan importante poñer en valor a Historia de quen nos precedeu e o que se teceu daquela cando todo estaba en contra...

Cómpre lembrar que a Ditadura despregaba todos os seus mecanismos de control e de terror. Cómpre recordar que o franquismo comezou asasinado e rematou asasinando. As últimas vítimas da Ditadura en Galiza foron Amador e Daniel en marzo de 1972 e Moncho Reboiras en agosto de 1975 (Humberto Baena e Sánchez Bravo foron asasinados en setembro dese ano en Madrid).

Pensamos que o PP xa superara todos os niveis de indecencia e de ruidade mais fai uns días vimos como intentaba luxar a memoria de Moncho Reboiras, militante nacionalista e activista sindical e cultural, acribillado a tiros polas costas pola brigada política social da Ditadura nun portal da rúa da Terra en Ferrol. Por iso foi recoñecido en 2009 polo Estado como vítima da represión franquista. E por iso merece o recoñecemento e a homenaxe das galegas e galegos. Non imos consentir as ameazas e as injurias do PP!

Por certo, estes días -nas vésperas do 18 de xullo- o PP volveu anunciar que derrogaría a Lei de memoria histórica no primeiro Consello de Ministros. Máis alá de que isto é ilegal (en democracia as leis non se derrogan por decreto, habería que facer outra que a modificase), a verdade é que para nós non é nada novo. Porque o PP de Feixóo xa o fixo en Galiza en 2009: **derrogou, aniquilou, arrasou toda a política pública de memoria que puxera en marcha o BNG no goberno galego. A declaración de San Simón como Illa de Memoria, o Consello da Memoria, O proxecto Nomes e Voces, o plan de foxas e todas as actividades para recoñecer e reparar as vítimas...**

Coñecemos ben o tufo franquista do PP, élle inherente, non hai que explicalo agora pola presión da ultradereita. **O PP é a dereita ultra, rancia, centralista e antigalega... que quere condenar á aldraxe do esquecemento aos homes e mulleres que loitaron pola democracia, pola liberdade e polos dereitos de Galiza. E nós imos facer todo o posíbel para que o seu legado siga vivo e para que a súa luz non se apague nunca.**

Sabemos da importancia de contarmos con un relato propio da nosa historia (esa trenza conformada por tres perspectivas que se engarzan: a da nación, a do xénero e a da clave, categorías imprescibíbeis para analizar o pasado e actuar no presente).

E tamén sabemos da necesidade dunha visión do pasado imbricada co presente e o porvir. Así o entendeu Castelao, co seu pensamento visionario e anticipatorio. No medio do terror e das ruínas, xa en 1937, escribiu esa mensaxe para o futuro: *Non enterran cadavres, enterran semente...* E aquela semente, en verdade, non parou, non para de agromar e de florecer...

Acostuma dicirse que temos que coñecer a historia para non repetila. Eu diría que, sobre todo, debemos coñecer a historia para saber a verdade

Porque a memoria, a verdade (e a reparación) fainos mellores como persoas e como pobo. A memoria é unha poderosa **ferramenta de inspiración e de transformación da**

realidade, un manual de instrucións para cambiar o mundo. Para seguir construíndo o noso propio tapiz, o entramado, a trenza.

A escritora estadounidense Rebeca Solnit autora de libros como *Esperanza na escuridade* e *O camiño inesperado*, dinos que **“A memoria dános poder, igual que o esquecemento e a amnesia nos fai vulnerábeis”**.

Neste tempo e neste mundo de incertezas e de ameazas no que o sistema dominante alimenta o individualismo, a fragmentación, a inmediatez, a resignación e o medo, a historia e a memoria (e a identidade) son un aparello de ancoraxe e un trenzado de solidariedade, de sororidade e de rebeldía.

A historia demostra que en moitas ocasións pasaron cousas imprevisíbeis e producíronse cambios porque alguén os imaxinou e os fixo posíbeis. Di Solnit: “O futuro non é -como de cote se describe- un lugar que xa existe e cara ao que imos avanzando con dificultade. O futuro é un lugar que estamos creando co que facemos (ou non facemos)”

Ou dito doutro xeito: **o futuro non é o que vai pasar, o futuro é o que imos facer**.

Esta receita, esta actitude pódese aplicar á nosa vida persoal e á vida colectiva, ao devir dunha comunidade. Por iso a necesidade do **nacionalismo galego organizado** (de novo a trenza) como proxecto común compartido, solidario, integrador, mobilizador, liberador...

Porque non podemos permitir que o medo e o odio gobernen as vidas da xente: o medo paraliza, ailla, somete e o odio embrutece, degrada e deshumaniza.

Non podemos permitir que a violencia, o militarismo e a guerra se impoñan como a única linguaxe posíbel, como a única alternativa viábel (nesta Europa que se comporta con unha indecente actitude de vasalaxe ante o Imperio).

Rebelámonos contra esta forma de entender o mundo. E proclamamos Paz e Liberdade para todos os pobos da Terra. Do Sáhara ao Kurdistan e a Ucraína. E de Cuba a Sudán e Irán. **E por riba de todo, ante o exterminio, o xenocidio e a limpeza étnica provocada polo sionismo israelí non imos deixar de berrar: Paz, Xustiza e Liberdade para Palestina!!!**

O noso corazón e a nosa lembranza están coas persoas que foxen das guerras e da miseria provocadas e que procuran abeiro nunha Europa que ergue valados e contrata campos de confinamento para os diferentes de raza e crenzas. **Non nos sentimos parte desta Europa xenófoba e insolidaria!!! Renegamos dela!!! Queremos ser o país da empatía e da solidariedade cos vulnerábeis e os desposuídos de todo. Temos moitas leccións que aprender da Historia sobre isto, leccións que levamos tatuadas na pel!**

Non imos caer tampouco na trampa de trasladar a responsabilidade dos nosos males ás persoas diferentes e ás extrañas. Non imos buscar chivos expiatorios porque sabemos que a responsabilidade é dun sistema cruel, baseado na acumulación de

riqueza, no incremento exponencial das desigualdades e das inxustizas, na dependencia e na rapina dos recursos naturais para negocios que levan o planeta cara ao abismo.

Non imos renunciar a ningún dos nosos ideais. Preferimos manter a dignidade e a humanidade fronte á miseria moral de deixarnos arrastrar pola corrente dun sistema corrupto, baseado na inxustiza, no espolio e na dor de tanta xente.

Temos confianza no porvir e queremos gobernar a nosa Terra. Para recuperar a liberdade, para poñela ao servizo das causas xustas, para darlle esperanza, prosperidade e benestar ao noso pobo. Temos o convencemento que un goberno nacionalista é unha grande oportunidade para construír un gran país no que realizar os soños.

Sabemos que contamos con un enorme potencial. Temos grandes recursos materiais no mar, no agro, no monte, no vento, na auga... unha riqueza que está sendo roubada a mancheas coa complicidade dun goberno do PP que deserta de Galiza e funciona como unha xestoría dos intereses das grandes empresas do IBEX e do capital foráneo.

Precisamos romper co centralismo e a dependencia, que son a causa principal dos nosos males. Precisamos pois seguir artellando a trenza da capacidade de decisión, da audacia e da vontade política para poñela ao servizo da maioría, para mellorar a vida da xente, para construír un país mellor, con máis oportunidades, mais equidade e máis benestar.

Castelao é de novo o compás: *"¿Quen pode, pois, salvar a Galiza? Galiza mesma. ¿Como? Cun gran partido político nidiamente galego. ¿E para que? Para que a nosa Terra consiga o dereito a legislar para si mesma."*

Legislar para si mesma, gobernarse por si mesma sen tutelas de ninguén. Para que? Pois por exemplo para construír servizos **públicos** de calidade: educación, sanidade, servizos dos coidados e do benestar públicos, pensados para o ben común e non para o negocio privado duns poucos... Vivenda pública accesíbel entendida como dereito e non como obxecto de acumulación e especulación.

Non queremos gobernar para que todo siga igual ou para facer cambios cosméticos. Non queremos gobernar "igual para todos" como se acostuma dicir, queremos facelo atendendo o ben común e poñendo en primeiro lugar a quen máis precisa do público, da Política con maiúsculas. Porque a **equidade** é a nosa grande trabe mestra e non imos renunciar a ela.

Queremos gobernar para construír un país que brille coa luz transformadora do feminismo, con esa polifonía de voces que vai de Rosalía de Castro a Begoña Caamaño, unha Galiza LGBT diversa, libre de violencia, de discriminación e de odio.

Queremos gobernar para planificar e ordenar o territorio, para trenzar o rural co urbano, o agro co monte, a ciencia coa industria e o deseño coa tecnoloxía. Para desenvolver o país de maneira equilibrada, para coidar o patrimonio colectivo e para

protexer os bens e as persoas dos grandes incendios que devoran un territorio destrenzado, no que se acumula o combustíbel do abandono, do monocultivo forestal e do maltrato á natureza.

Gobernar para erguer un país orgulloso da súa lingua e da súa cultura, porque **temos unha lingua que nos identifica e que nos diferencia e non imos renunciar a ela nin por todo o ouro do mundo.**

Como dixo Luís Seoane “*Nós queremos axudar a enriquecer ao mundo coa nosa diferenza*”

Fronte ao uniformismo empobrecedor e embrutecedor, apostamos na diversidade e no pluralismo e pensamos que Galiza ten moito que dicir, moito que achegar a un mundo que queremos plural, polifónico, asentado no pacifismo, na igualdade e no respecto á soberanía dos pobos.

Compañeiros e compañeiras

O Día da Patria é unha data, unha parte do curso político para a celebración e para a reflexión.

Alegrémonos de todo o construído porque é moi valioso. Celebrems que somos unha gran nación, que quere tecer o seu propio camiño sen ataduras e sen límites.

E pensemos como seguir ampliando a casa común do nacionalismo, con esa **triple hélice** da organización-militancia (que é a base de todo), o traballo social mobilizador e a intervención transformadora nas institucións.

Abramos pois as portas da casa, para venteala, para renovala e para sumar máis pobo ao traballo comunal, á tarefa de construír a treu unha nova Galiza, un país no que **trenzar oportunidades, esperanza e porvir.**

Mans á obra e que comece a festa!

Viva o BNG! E Viva Galiza Ceibe!